

9. PRESERVACIÓN DA INFORMACIÓN CLÍNICA

Desenvolvemento dun sistema que garanta a conservación da información clínica baixo criterios de **seguridade e eficiencia**, cos seguintes obxectivos:

- Optimización do **ciclo de vida da información** para mellorar o seu rendemento e diminuír o custo e o espazo de almacenamento.
- Mellora dos sistemas de **copias de seguridade** para reducir o custo de almacenamento e os tempos de copia e recuperación.
- Automatización de servizos e **garantía de continuidade** da información, replicándoa xeograficamente para evitar perdas.
- Deseño de solucións que garantan a **non alteración** da información.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Santiago e Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.